




DE TRABA A LAXE

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 11 km (lineal)
Dificultade: media



Punta da Area

De Traba (O Boañío) a Laxe

Laxe outro dos puntos emblemáticos da Costa da Morte, ten un litoral variado, irregular, fortemente erosionado polo traballo constante do mar e o vento que escaravellan nas rochas furando e afundindo as partes menos resistentes, creando multitude entrantes, saíntes e furnas nas zonas rochosas e acumulacións de area nos seos abrigados coas que forma e mantén fermosas praias.

A costa está protexida no LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte”

Un percorrido polo litoral de Laxe. Unha sucesión de cantís recortados, entrantes e saíntes, puntas e pequenos seos, numerosos illotes, furnas e abrigos que acollen coídos e pequenos areais e tres espazos con grandes praias.



Praia de Traba desde a punta da Cruz de Rosa

PERCORRIDO

Comezamos en **Boaño** ao pé do desaugue da saída ao mar da **lagoa de Traba**, e pola area percorremos o tramo de praia do **Paio**, logo subimos á pedras e, polo límite da vexetación, herbas e croas de toxo que non van arriba dos nocellos, imos seguindo á beira dos cantís os carreiros que entran e saen seguindo a liña da costa, e pronto descubrimos o **seo da Mexadoira**, con furnas e a ferverza dun pequeno rego que só leva auga no inverno. O carreiro lévanos ao camiño, unha pista de terra que pasa preto da parte alta do seo, e, en canto podemos, volvemos a deixalo para volver á beira do mar, ver desde o outro lado o seo e seguir ata a seguinte entrada, o seo da **Fonte Pía**, con furnas, despois de pasalo a vexetación obríganos a volver á pista e por ela imos ata o seo que acolle a **praia do Arnado**. Pasada a praia deixamos o camiño para volver á beira dos cantís, pasar pola **furna do Arnado**, ver bater o mar no **illote de Ataín** e chegar ao seo no que se atopa a **praia do Castrallón** e a furna que hai á súa beira, dobrar a **punta Catasol** e virar cara a **Soesto**. Antes de entrar na praia temos a **furna de Soesto** e logo, por diante, máis de 800 m de areal, ata que o **rego de Soesto** nos fai ir cara ao interior a buscar a ponte de madeira que o cruza, a non ser que queiramos mollar os pés, ou facer un percorrido un pouco máis longo pola zona de trasduna. Pasado o río podemos optar por pasar por detrás do **Petón do Castro**, subir unha costa que logo temos que baixar para volver á beira do mar, ou rodealo pola beira pasando polas **puntas Carreira e Cal do Castro**, as caídas ao mar das abas do Petón, entrar no **seo do Morelo**, con furnas, puntas e ínsua, de alí ir á **enseada Baleeira**, chegar ao cemiterio, ao pé do que se atopa a **praia dos Cristais**, e comezar a volta ao **monte da Ínsua**, achegarnos á **pedra dos Namorados** e á **Furna da Escuma** e, por **Carreiro Bo**, ir á **punta de Laxe, cabo de Laxe** ou **punta da Ínsua**. De alí subir ao **faro** desde onde temos unha panorámica do espazo percorrido e da ría de Corme e Laxe. Despois, para seguirmos pola beira, baixamos á **punta da Cruciña** e desde alí, por un sube e baixa obrigado polo relevo, pasar polas **puntas do Costado e da Ola** ata chegar á estrada que baixa á EDAR de **Punta Besugueira**. Podemos baixar un pouco por ela para ver o tramo de costa, coídos e un pequeno areal, que hai entre ela e o peirao, pero temos que volver a subir para atopar, xa na vila, o primeiro desvío á esquerda polo que baixamos ao porto e desde alí pola beira chegamos á **praia** onde podemos rematar ou seguir ata o límite do concello, na **punta da Area**, uns 400 m máis alá do remate da praia. Percorrer a praia son case 1,5 km de camiñada pola area ou un pouco máis se o facemos polo paseo, pero se o facemos tamén podemos achegarnos ás **Brañas Mouras**, as lagoas que forma na trasduna a acumulación da auga do rego de San Amedio que desauga na praia.

Tamén se pode facer o camiño completo do litoral de Laxe, cun percorrido total duns 17 km, comezando no límite do concello, no rego da Albariza, a onde se chega desde Camelle pola estradiña que remata no coído de Sabadelle, a uns 400 m do rego, e desde alí seguir o camiño dos faros para pasar polos cantís e a zona, que acollen numerosas formacións rochosas curiosas e suxerentes, ata chegar á praia de Traba e continuar pola area, ou por camiños interiores que se achegan á lagoa, os 2 km longos que hai ata Boaño.



Vista da lagoa e praia de Traba, desde os Penedos de Traba.



A **lagoa de Traba** está rodeada por unha densa vexetación acuática onde se refuxian as aves. Ocasionalmente visítana aves invernantes pouco comúns nas costas galegas.



Rochas na punta da Cruz de Rosa



Praia e lagoa de Traba.



Praia e lagoa de Traba.
Unha barra de area pechou a saída ao mar dos ríos Traba e Rioval, formando unha lagoa, actualmente moi colmatada. A praia, de 2.630 m de lonxitude conserva un amplo cordón de dunas fixadas pola vexetación.





Seo da Mexadoira, furnas e fervenza




Furnas da Fonte Pia



18-Illa
Teixoeira



17-Praia e furna do Arnado



16-Illa Atain





Praia e furna do Castrallón



Punta de Catasol



Rego, praia e furna de Soesto
A praia Soesto, de 860 m de lonxitude, ten un sistema dunar moi ben conservado con dunas remontantes de considerable altura.





Petón do Castro



Punta de Cal do Castro



Punta Carreiroa



Ínsua, furnas e carreiro de Morelo





Praia dos Cristais



Coído Arballiño



Enseada Baleira



Pichón da Gaivota



Pedra dos Namorados, onde existe a tradición de grabar os nomes nas rochas.



Furna da Escuma





Faro no Cabo de Laxe



Carreiro Bo



Cabo de Laxe



Monte da Ínsua. Costa do Cabo de Laxe



Punta da Cruciña



Punta de Terralonga



Punta do Costado



Punta da Ola



Punta Besugueira



Vista desde a capela da Santa Rosa

Praia e vila de Laxe. A praia mide 1.320 m de lonxitude e conserva un bo sistema dunar. A vila de Laxe, situada ao abrigo da punta Ínsua, ten un importante porto dedicado ao marisqueo e á pesca do cerco, volantas, palangres e outras artes menores.



Vila e porto de Laxe. Ao fondo o outeiro sobre o que se atopan os restos dun muíño de vento.




Praia e enseada de Laxe



Brañas Mouras e rego de San Amedio

Na praia de Laxe existiu unha **explotación de caolíns** desde o 1920. En 1939, rematada a Guerra Civil Española, Isidro Parga Pondal, tras ser expulsado polo novo réxime da Universidade de Santiago de Compostela, na que exercía como profesor de xeoquímica, establécese en Laxe, onde crea o Laboratorio Xeolóxico e faise cargo da dirección da empresa de caolíns. Arredor de 1940 descobre e pon en explotación o xacemento de Coéns, e trasladan o mineral por medio de vagonetas suspendidas dun teleférico ata as instalacións da praia de Laxe, onde estaban as naves de escollido, lavado e secado do material, xunto cos talleres, garaxes e oficinas da empresa.

A empresa funcionou ata finais da década de 1970, dando emprego a centenaes de persoas da comarca. Das instalacións extractivas e produtivas hoxe en día sobreviven a cheminea da praia, algúns postes de formigón por Sarces e Serantes, e a lagoa que ocupa o xacemento de Coéns. O transporte das arxilas facíase por mar cara a Santander, País Vasco e Castellón, ademais de envíalo a Catoira e Vigo para a industria cerámica.



Punta da Area